



Nome: _____

Antía levaba toda a semana buscando un disfrace de bruxa. Tiña que actuar no festival do colexio e non atopaba unha vasoira vella nin un nariz longo.

Por fin recibiu unha chamada a noite anterior ao desfile. A súa avoa atopara no faiado a vasoira coa que espantara, hai moitos anos, aos ratos peludos que apareceran pola casa.

Agora o problema era atopar un nariz. Onde o podería conseguir? A solución deulla seu pai: baleirar unha cenoria e colocarlle unha goma. Xa podía durmir tranquila. O seu disfrace de bruxa, por fin, estaba completo e listo para o desfile do colexio.

1.- Cal é o nome da protagonista do conto?

2.- De que se ía disfrazar?

3.- Onde ía actuar?

4.- Que dúas cousas lle faltaban para o disfrace de bruxa?

5.- Onde atopou a vasoira que lle faltaba?
